

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación bolsa de emprego para postos de funcionarios de carreira, con carácter interino, subescala auxiliar, e para postos de persoal laboral, auxiliar administrativo, do grupo IV do persoal laboral

EXPEDIENTE: 2025/E001/000002

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000390

Vista providencia da alcaldía, asinada en data 14 de marzo de 2025.

Logo de ver elaboración das bases xerais e específicas que rexerán o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego con carácter interino para postos de funcionarios de carreira, subescala auxiliar, e para postos de persoal laboral, auxiliar administrativo, do grupo IV do persoal laboral de data 1 de abril de 2025.

Visto informe xurídico de data 2 de abril de 2025 cuxo contido se transcribe literalmente a continuación:

“EXPEDIENTE: 2025/E001/000002


ASUNTO: formación de bolsa de emprego de funcionarios interinos, subescala auxiliar, e persoal laboral, auxiliar administrativo do grupo IV do persoal laboral.

DONA SONIA CAMPOS ARES, técnica xurídica do Concello de Carral e responsable do departamento de Persoal, emite o seguinte informe en resposta á providencia da alcaldía do 14 de marzo de 2025 e unha vez elaboradas as bases do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos, subescala auxiliar, e persoal laboral, auxiliar administrativo do grupo IV do persoal laboral, tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

- Providencia da alcaldía do 14 de marzo de 2025 onde se solicita informe sobre as bases unha vez se elaboren as mesma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Borrador das bases do proceso selectivo para a a formación dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos, subescala auxiliar, e persoal laboral, auxiliar administrativo do grupo IV do persoal laboral

LEXISLACIÓN APLICABLE


- A Constitución Española de 1978
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
- A Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91, 92, 100 e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O artigo 51 e 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- As administracións públicas á hora de proceder á selección do seu persoal deben atender ao preceptuado nos artigos 14, 23 e 103 da Constitución Española. Ditos artigos consagran os principios de igualdade, mérito e capacidade que deben garantirse no acceso á función pública.

No ámbito local, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local reitera ditos principios no seu artigo 91.2 ao indicar que *“A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”*.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Así mesmo, a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, no seu artigo 55.2 engade novos principios reitores do proceso selectivo como a imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección, a transparencia e a obxectividade nos procesos de selección.

Segundo.- Os procedementos de selección de persoal ao servizo da Administración Pública réxense polas bases da convocatoria que regulan o proceso selectivo. Así, considérase que as bases da convocatoria constitúen a lei do proceso selectivo, como ven reiterando a xurisprudencia, vinculando aos aspirantes que participan, ao órgano de selección e á propia Administración Pública que as elaborou e aprobou.

Este principio así se recolle no artigo 15.4 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración do Estado que indica que *“As bases das convocatorias vinculan á Administración e aos tribunais ou comisións permanentes de selección que teñen que xulgar as probas selectivas e a quen participen nas mesmas”*.


Así mesmo, o artigo 3 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local establece que *“Os procedementos de selección se rexeran polas bases de convocatoria que aprobe o órgano correspondente da Corporación para cada unha das escalas, subescalas e clases de funcionarios”*.

Este carácter vinculante das bases, ten como fin garantir a obxectividade e igualdade de trato e limitar as facultades discrecionais da Administración Pública no proceso selectivo, de modo que as bases fixan as regras as que deben cinxirse os órganos administrativos que interveñen no procedemento de selección.

Mediante a publicación das bases, a Administración queda limitada, ao determinarse o sistema selectivo, os méritos a valorar, as probas que se deben superar, os programas e as formas de cualificación. A existencia de erros ou deficiencias na regulación realizada a través das bases deben ser interpretadas no sentido máis favorable aos interesados e causando o menor prexuízo aos dereitos dos mesmos.

Terceiro.- O ingreso á función pública local realizarase, con carácter xeral, a través do sistema de oposición, salvo que, pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar sexa máis axeitado a utilización do sistema de concurso-oposición ou concurso.

Conforme ao artigo 4 do RD 869/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

local, as bases deben conter a natureza e características das prazas convocadas, o sistema selectivo, as probas de aptitude ou de coñecementos a superar, con determinación do seu número e natureza.

Neste senso e de conformidade co artigo 61 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, poderá empregarse o sistema de concurso-oposición cando así se xustifique, especialmente para valorar experiencia ou formación. A fase de oposición terá carácter eliminatorio e celebrarse con anterioridade á fase de concurso, segundo se prevé expresamente nas bases. Neste senso o artigo 61.6 do TREBEP establece expresamente que *“os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación”* non fixando unha orde obrigatoria entre fases. Ademais, esta interpretación está avalada tanto pola doutrina como pola xurisprudencia así como a práctica administrativa admiten, que a fase de oposición poida realizarse con carácter previo e eliminatorio, sempre que así se recolla nas bases da convocatoria, garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.


Cuarto.- Ao abeiro do artigo 8 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local as materias comúns deben constituír, polo menos, unha quinta parte do temario e versarán necesariamente sobre constitución española, organización do estado, estatuto de autonomía, réxime local, dereito administrativo xeral, facenda pública e administración pública. As materias específicas versarán sobre o contido das funcións e tarefas atribuídas legalmente a escala, subescala ou clase a que se refiren as probas. Así a extensión e a profundidade dos programa axeitarase aos niveis de titulación esixidos e a especialidade profesional da correspondente escala, subescala ou clase de funcionarios.

O número mínimo de temas para un ingreso na subescala do grupo C2 debe de ser de 20 temas.

Quinto.- O órgano competente para a aprobación de bases para a selección de persoal e concursos de provisión de postos de traballo é o alcalde-presidente de acordo co recollido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime Local. No obstante, este Concello mediante decreto da alcaldía 355/2023, do 26 de xuño de 2023, delegou esta atribución na Xunta de Goberno Local.

INFORME

Primeiro.- No borrador das bases que obran no expediente de Tedec referenciado neste encabezamento, o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

sistema selectivo é o de concurso-oposición (consistente na valoración de méritos e nunha proba práctica) mais existe unha xustificación técnica e organizativa que responde a criterios obxectivos entre os que destacan a necesidade de valorar adecuadamente a experiencia profesional e a formación complementaria dos aspirantes, elementos relevantes para o correcto desempeño das funcións propia da praza de auxiliar administrativo. Así pois, considérase apropiada a elección de que o procedemento sexa por concurso-oposición xa que se fai conveniente a valoración da experiencia e de formación na Administración Pública a fin de que a persoa da bolsa seleccionada poida adaptarse o antes posible ao posto pois esta bolsa créase para vacantes, que nalgúns casos poden ser por períodos de tempo breves polo que este sistema permite seleccionar persoas que ademais de cumprir cos principios de mérito e capacidade poidan incorporarse cun mínimo de adaptación e rendemento inmediato ás tarefas propias do posto.

Segundo.- Canto a **redución de prazos** considérase xustificada esta circunstancia tendo en conta a situación dalgúns servizos do Concello dadas as baixas laborais que se están dando a causa de varias incapacidades temporais así como por vacantes de postos nos que os seus titulares se xubilaron e outros que están a piques de xubilarse. Situación esta que produce unha mingua do persoal que fai máis difícil cumprir co traballo diario.

Terceiro.- Canto a **modalidade contractual**, vistas as **modificacións introducidas polo Real Decreto Lei 32/2021**, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo **infórmase** que os contratos que se celebren a partir do 31 de marzo de 2022 cunha duración determinada só poden ser por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora, a excepción dos contratos de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral vinculados a programas de activación para o emprego e os contratos formalizados no marco de execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea; neste caso os contratos que se realizarían serían por substitución do titular do posto ou por acumulación de tarefas, contratos todos de carácter temporal, así como tomas de posesión como funcionario interino.

Cuarto.- Canto ao **custo económico a asumir polo Concello**, esta informante considera que como se trata dunha bolsa de emprego cando se decida tirar dela debe solicitarse informe de custos ao departamento de Persoal xa que dependendo do posto a cubrir os custos a asumir poden variar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Quinto.- Canto ao procedemento a seguir, este debe realizarse seguindo os seguinte pasos:

- I. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou resolución da alcaldía aprobarase a convocatoria e as bases de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- II. Publicarase a convocatoria, xunto co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello. Un extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de prestación de instancias.
- III. As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas bases irán dirixidas ao señor alcalde e presentaranse no rexistro electrónico do Concello ou nalgún lugar previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.
- IV. Expirado o prazo de presentación de instancias, o señor alcalde ditará resolución no prazo dun mes declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no BOP e na sede electrónica do Concello, fixarase un prazo de cinco días hábiles para correccións e posibles reclamacións.
- V. Finalizado o prazo de reclamacións e correccións e resoltas as mesmas, o órgano convocante elevará a definitiva a lista de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará igualmente no BOP e na sede electrónica do Concello. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos e farase constar na mesma o día, a hora e o lugar no que se realizará a primeira das probas. Nesta mesma resolución farase constar a designación nominal do tribunal. As posteriores probas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.
- VI. Os órganos de selección constituiranse en cada convocatoria e deberán estar formados por un número impar de membros. Por asimilación, e conforme sinala o artigo 11 do Real Decreto 364/1995, o número de membros do tribunal será de cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos vogais deberá posuír o nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso no corpo e escala de que se trate.

O Tribunal cualificador estará constituído por un presidente, un secretario e os tres vogais.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, de 30 de outubro, a composición dos órganos de selección deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

- VII. Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica do Concello elevando ao órgano contratante esta relación.
- VIII. A alcaldía aprobará a formación da bolsa de emprego segundo a puntuación acadada polos/as aspirantes e publicárase copia da mesma no taboleiro de anuncios do Concello.

De acordo co anterior e segundo as bases elaboradas, estaríase a cumprir, entre outros, cos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Por todo isto, esta informante considera que o borrador das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, mediante concurso-oposición, se adecúa plenamente á legalidade vixente, tanto no que atinxe ao sistema escollido como á orde das fases, aos principios constitucionais e á normativa aplicable.

Por todo o anterior e previo informe de fiscalización da intervencións municipal, esta técnica xurídica **INFORMA FAVORABLEMENTE as bases da convocatoria e propón a súa aprobación e posterior publicación polos medios regulamentarios.**

E isto é todo o que teño a ben informar salvo mellor criterio fundado en dereito.


Carral, na data da sinatura dixital

A técnica xurídica”

Visto informe de fiscalización de data 2 de abril de 2025 cuxo contido queda como segue:

“ASUNTO: INFORME DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL DE FUNCIONARIOS INTERINOS, SUBESCALA AUXILIAR, E PERSOAL LABORAL, AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO GRUPO IV DO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PERSOAL LABORAL.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000002

1. ANTECEDENTES


Remítese o expediente formado polos seguintes documentos:

- Providencia de alcaldía, de 14 de marzo de 2025, para a elaboración das bases que rexerán o proceso selectivo de formación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e/ou laboral, e na que se solicitan os informes xurídicos e de fiscalización correspondintes.
- Proposta de bases do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e/ou laboral no Concello de Carral, asinadas por la alcaldía en data 1 de abril de 2025.
- Informe xurídico, elaborado pola técnico de administración xeral e responsable do departamento de persoal, dona Sonia Campos Ares, en data 2 de abril de 2025, en relación as bases e o procedemento a seguir

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A este procedemento selectivo seralle de aplicación:

- A Constitución Española de 1978
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Local.

- A Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91, 92, 100 e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O artigo 51 e 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, e de conformidade co disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido no artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emétese o seguinte **INFORME**,

PRIMEIRO.- De acordo co Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, víronse **modificadas as modalidades contractuais**. Neste sentido, da nova redacción ao artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro (en diante, TRLET), **desaparece o contrato de obra ou servizo**, e se modifica o contrato por circunstancias da produción e para substitución do traballador ou as características dos contratos formativos, ou a de os contratos fixos-descontinuos.

Así, a nova redacción do artigo 15 TRLET só prevé como contratos temporais os contratos por circunstancias da produción e os contratos por substitución.

En relación aos contratos de substitución, que é o caso que aquí nos ocupa, o apartado 3 do artigo 15 regula os contratos temporais por substitución nos seguintes termos:“(..).3. Poderán celebrarse **contratos de duración determinada para a substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución**. En tal suposto, a prestación de servizos poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

desempeño axeitado do posto (...)

A substitución de persoal do Concello de Carral que se atope de baixa por IT é unha das causas de suspensión do contrato de traballo, isto é, a interrupción temporal da prestación laboral sen quedar roto o vínculo contractual entre empresa e traballador. Nesta circunstancia, o traballador ou a traballadora, ten dereito a reincorporarse ao traballo que ocupaba unha vez cesen as causas que motivaron a suspensión.

Por tanto, sin importar que o empregado/a que este de baixa por IT sexa funcionario/a interino, temporal, fixo/a ou indefinido/a, en base a este apartado 3 do artigo 15 o persoal de baixa por IT pode ser substituído, cumprindo que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución e o contrato de substitución deberá realizarse nas mesmas condición que o contrato que o da persoa que cusó Baixa.

SEGUNDO: O obxecto das bolsas de emprego é posibilitar o nomeamento de persoal funcionario/a interino, temporal, fixo/a ou indefinido/a por razóns de necesidade e urxencia, cando ditas circunstancias acontezan e non se dilate a cobertura dunha praza necesaria no día a día da administración.

Aínda que non exista unha regulación específica das bolsas de traballo, **a bolsa de emprego municipal debe formarse de acordo cunhas bases nas que se regulará o proceso de chamamento, así como as consecuencias da renuncia ou finalización de contrato polo que se refire á súa nova incorporación á bolsa e a orde en que a fará.**

TERCEIRO: O procedemento de selección de selección do persoal ao servizo da Administración Pública, debe realizarse mediante convocatoria pública e con respecto, en todo caso dos principios de igualdade, mérito e capacidade. Aínda que se fixa como obrigatorios o sistema de oposición e concurso-oposición para os funcionarios de carreira, non o senta de forma obrigada para o resto do persoal ao servizo da administración, cuxo procedemento de selección deberá ser áxil, o que posibilita recorrer nestes casos como sistema de selección ao concurso-oposición, e mesmo o concurso de méritos acompañado dunha proba práctica, que conxugaría en maior medida tanto a axilidade na selección como a garantía dos principios de acceso ao emprego público.

Na proposta das bases se establece como sistema selectivo o de **sistema selectivo é o de concurso-oposición** (consistente na valoración de méritos e nunha proba práctica) posto que se valora a necesidade de valorar adecuadamente a experiencia profesional e a formación complementaria dos aspirantes, elementos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

relevantes para o correcto desempeño das funcións propia da praza de auxiliar administrativo. Así pois, considérase apropiada a elección de que o procedemento sexa por concurso-oposición xa que se fai conveniente a valoración da experiencia e de formación na Administración Pública a fin de que a persoa da bolsa seleccionada poida adaptarse o antes posible ao posto pois esta bolsa créase para vacantes, que nalgúns casos poden ser por períodos de tempo breves polo que este sistema permite seleccionar persoas que ademais de cumprir cos principios de mérito e capacidade poidan incorporarse cun mínimo de adaptación e rendemento inmediato ás tarefas propias do posto.

Segundo o establecido nas propias bases, publicarase a convocatoria, xunto co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas, no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello, para darlle publicidade ás mesmas e poidan participar no mesmo calquera persoa que cumpra cos requisitos. Un extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de prestación de instancias. para darlle publicidade ás mesmas e poidan participar no mesmo calquera persoa que cumpra cos requisitos.

Así mesmo, o temario e os requisitos esixidos axústanse a un posto desta categoría pois tratase de persoal laboral pertencente ao grupo C2 de funcionarios; e ao grupo IV do persoal laboral do Concello de Carral.

Polo que quedan garantizados os principios constitucionais (artigo 23.2) de acceso á función pública: igualdade, mérito e capacidade, dando ademais cumprimento ao artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público de principios para o acceso ao emprego público, que sinala que:

“1. Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico.

2. As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Tendo en conta que non existe nesta Administración bolsa de traballo para cubrir postos desta natureza, tendo en conta a situación dalgúns servizos do Concello dadas as baixas laborais que se están dando a causa de varias incapacidades temporais así como por vacantes de postos nos que os seus titulares se xubiláron e outros que están a piques de xubilarse e atendendo a necesidade de que estes postos sexan cubertos a maior brevidade posible para evitar que se ralentice o traballo diario, é polo que se xustifica a urxencia e a redución de prazos que establecen as Bases.

CUARTO: Verificación do crédito orzamentario. Será necesario verificar a existencia de crédito orzamentario con carácter previo a facer uso da bolsa de emprego, cada vez que sexa necesario facer fronte da mesma con ocasión de baixas por IT; vacacións ou outras circunstancias que se poidan producir. Para eso, cando se decida facer uso da bolsa de emprego, deberá solicitarse informe de custos ao departamento de Persoal, xa que dependendo do posto a cubrir, os custos poden variar. Unha vez analizados estes custos, esta Interventora Municipal certificara a existencia, ou non, de crédito orzamentario para facer fronte a esta nova contratación.

Esto é o que teño a ben INFORMAR sen prexuízo doutro criterio superior en dereito e dos acordos que adopte a corporación.

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe.

A interventora

Noemí González Mato.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver o decreto nº 140/2025 de data 03 de abril de 2025 sobre “Aprobación das bases e inicio do procedemento de selección para a formación dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos, subescala auxiliar, e persoal laboral, auxiliar administrativo do grupo IV do persoal laboral” onde se resolveu:

“(…) PRIMEIRO.-Advocar singularmente neste caso a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 355/2023, do 26 de xuño de 2023, correspondente a “aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo”.

SEGUNDO.- Aprobar as bases, que quedan incorporadas como anexos a esta resolución, e iniciar o procedemento de selección para a formación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos (funcionarios interinos ou persoal laboral).

TERCEIRO.- Designar como instrutora dos expedientes á técnica xurídica do Concello dona Sonia Campos Ares.

CUARTO.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas publicando este acordo no boletín oficial da provincia, a maior brevidade posible, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello para que as persoas interesadas poidan presentar as súas solicitudes de participación no prazo establecido ao efecto

QUINTO.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno do Concello.(..)”

Visto anuncio de publicación no Boletín Oficial da Provincia de data 28 de abril de 2025 sobre Bases de selección para a formación dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos, subescala auxiliar, e persoal laboral, auxiliar administrativo do grupo IV do persoal laboral


Vistas actas do tribunal cualificador de datas 01 de xuño de 2025, 02 de xullo de 2025, 15 de xullo de 2025, 28 de xullo de 2025, 06 de agosto 2025.

Logo de ver acta de aprobación definitiva da formación de bolsa de emprego de funcionarios interinos, subescala auxiliar, e persoal laboral, auxiliar administrativo, grupo IV do persoal laboral, de data 14 de agosto de 2025 que se transcribe literalmente:

“ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR EMPRAZADO PARA RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS da VALORACIÓN DOS MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS

PROCESO: Bolsa auxiliares administrativos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA nº 7 (resolución de alegacións valoración de méritos)

DATA: 14 de agosto de 2025

HORA COMEZO: 9:37 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Salón de plenos do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidente: D^a. Erica Mosquera Gende, funcionaria de carreira do Concello de Carral

Secretaria: D^a Sonia Campos Ares, funcionaria de carreira do Concello de Carral

Vogais:

D. Luis Méndez Búa, funcionario de carreira do Concello de Carral

D^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda.

Non asiste D^a M^a Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo.

Manifesta a presidenta que, segundo o informado pola responsable do rexistro, consta a presentación de tres alegacións presentadas polos aspirantes durante o prazo habilitado ao efecto e que son as seguintes:

INTERESADO/A	DNI	REXISTRO ENTRADA
Iglesias Jaspe, Elena María	32****90M	8 de Agosto de 2025 RE 202599900001536
González Moreda, Sonia	34****87D	11 de agosto de 2025: RE 202599900001549 hora 17:58 RE 202599900001548 hora 17:52

As alegacións presentadas reproducense graficamente a continuación:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

